

Chamamento á restauración e ao fortalecemento da lexislación laboral e os dereitos sindicais na Unión Europea

Tras a realización das eleccións europeas en xuño de 2009 e a renovación dos membros do Parlamento Europeo

Este chamamento xeral foi impulsado por quince prominentes académicos da Unión Europea. O seu texto enviárase aos membros do recentemente electo Parlamento Europeo. O presente chamamento será seguido por unha conferencia de prensa que se celebrará en Bruxelas.

O chamamento está aberto á sinatura de todas as persoas, organizacións e asociacións interesadas na promoción e a protección do dereito do traballo e os dereitos sindicais na Unión Europea. En particular, destínase a sindicalistas, académicos, funcionarios e empregados públicos e doutras institucións sociais, avogados, xuíces, inspectores de traballo... mais tamén a todos aqueles para os que a lexislación laboral e os dereitos sindicais son elementos esenciais do bo funcionamento da democracia. Estes dereitos deben ser mellorados constantemente, sen permitir a súa regresión.

Chamamento á restauración e ao fortalecemento da lexislación laboral e os dereitos sindicais na Unión Europea

Desde hai xa máis de trinta anos, a imposición de medidas flexibilizadoras na organización do traballo conduciu a unha forte deterioración da situación dos traballadores, tanto do sector público como do sector privado. Con todo, unha ofensiva aínda máis profunda vense desenvolvendo nos últimos tempos, con efectos crecentes ano tras ano. Esta ofensiva púxose en marcha cando a Comisión Europea decidiu en 2005 que era necesario "modernizar a lexislación laboral". Desde entón, tanto a través de medidas nacionais (tales como as diversas reformas levadas a cabo en Franza, que quebrantaron as regulacións laborais) como mediante a intervención da Unión Europea, os dereitos situados no cerne da lexislación laboral e os dereitos sindicais sufriron fortes ataques, indignos dos sistemas políticos chamados democráticos.

A gran maioría da clase política da Unión Europea e dos seus estados membros apoiou activamente o mundo empresarial nas súas ambicións de regresión social. O resultado foi desastroso para os dereitos dos traballadores de toda Europa:

O contrato de traballo de duración indefinida preséntase como obsoleto, avogándose pola súa rápida desaparición.

A condición de funcionario, que implica un emprego estábel e unha remuneración ligada a unhas determinadas escalas salariais, está a converterse nunha "especie en vías de extinción". Isto a pesar de que esta condición asegura a independencia dos axentes e garante a igualdade de trato aos cidadáns.

A protección contra o despedimento foi fortemente revisada á baixa.

O dereito á xubilación e ao financiamento colectivo de pensións que proporcionen unha vida digna foron severamente reducidos.

O dereito, en caso de perda do emprego, a un ingreso decente e de longa duración articulado mediante unha prestación baseada no nivel do último salario percibido diminuíu considerablemente.

Cen millóns de persoas na Unión Europea viven na pobreza, e un 48% delas están nos países da UE-15. O número de traballadores pobres aumenta ano tras ano, sendo máis do 10% en Italia ou España, por exemplo.

Por se isto non for suficiente, as autoridades da Unión Europea tomaron recentemente decisións intolerábeis:

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea, a través das súas sentenzas recentes (Viking, Laval, Ruffert, Luxemburgo), reduciu gravemente os dereitos sociais fundamentais. Con elas confírmase a supremacía da liberdade de establecemento e libre prestación de servizos sobre o dereito de folga, outórgase aos xuíces de cada país unha elevada marxe de apreciación sobre a lexitimidade dunha folga, devalúanse os convenios colectivos, que non se aplican de modo xeral, e imponse aos Estados a liberdade comercial como elemento indiscutíbel da orde pública, entanto se limita a lexislación social nacional a un conxunto mínimo descrito nunha directiva cuxo obxectivo non era ese (desprazamento dos traballadores, 1996).

A Comisión, o Consello e o Parlamento aprobaron un regulamento que será de aplicación en toda Europa en decembro de 2009 (Regulamento CE nº 593/2008) que asimila o contrato de traballo a un mero contrato civil entre partes consideradas como iguais.

Estes novos elementos indican claramente a intención das autoridades europeas de eliminaren paulatinamente o dereito do traballo como dominio xurídico específico e non asimilábel a relacións civís privadas. Con isto retrotraémonos ao século XIX, durante o cal o dereito civil gobernou as relacións de emprego, e no cal a voz dos empregadores sempre tiña prioridade sobre a dos traballadores, é dicir a voz do forte sobre a do débil.

Todos os signatarios deste manifesto opóñense firmemente a este proceso retrógrado. Lanza un chamamento aos novos membros do Parlamento Europeo electos tras as eleccións de xuño de 2009 para que se comprometan a integraren o máis rapidamente posíbel as normas internacionais sobre o traballo (as 188 convencións da OIT e o conxunto de artigos da Carta Social do Consello de Europa) no dereito comunitario. É posíbel crear unha política social europea! Para asegurar unha Unión democrática entre os pobos europeos é indispensable constituír un conxunto de normas obrigatorias, o dereito social internacional e europeo, que faga primar os dereitos sociais democráticos sobre o dereito financeiro e comercial. Isto debería tamén desembocar na creación dun tribunal especializado en dereito laboral no seo do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e nunha transformación das institucións de goberno europeas, de modo que se instiúa o principio democrático de independencia e separación de poderes, convertendo ao Parlamento Europeo nun verdadeiro lexislador.

Primeiros asinantes:

Mateo Alaluf (Bélxica), profesor de socioloxía do traballo, da Universidade Libre de Bruxelas. Paul Bouffartigue (Franza), Director de pesquisa do CNRS no Laboratorio de Economía e Socioloxía do Traballo, CNRS-Universidade de Aix-Marseille I y II. Christina Deliyanni Dimitrakou (Grecia), Profesora de Dereito da Universidade Aristóteles de Salónica. Gilbert Demez (Bélxica), Profesor Emérito de Dereito Social, Universidade Católica de Lovaina. Bernard Friot (Franza), economista e profesor de socioloxía de Universidade de París-X. Corinne Gobin (Bélxica), Profesora de Ciencias Políticas, investigadora do Fondo Nacional de Investigación Científica da Universidade Libre de Bruselas. • Claude Javeau (Bélgica), Profesor Emérito de Socioloxía de la Universidad Libre de Bruxelas. Steve Jefferys (Reino Unido), Director do Working Lives Research Institute de Londres. Francis Kessler (Franza), profesor de dereito privado en París I, columnista en dereito laboral no suplemento económico semanal do Le Monde.

Yannis Kouzis (Grecia), profesor da Universidade Panteios de Atenas e asesor científico do Instituto de Traballo da GSEE (Confederación Xeral de Traballores Gregos). Jürgen Kädtler (Alemaña Director do stituto de Investigacións Sociolóxicas (SOFI), Universidade de Göttingen. Robert Lafore (Franza), Profesor Asociado de Dereito Público, Director emérito do IEP de Bordeus. Evelyne Serverin (Franza), xurista e socióloga, directora de pesquisa do CNRS en Socioloxa do Dereito, membro da IRERP, Laboratorio de Dereito Social e de Relacións Profesionais. George Spyropoulos (Suíza), Doutor en Derecho, ex director da OIT (Organización Internacional do Traballo) en Xenebra, Suíza. Giovanna Procacci (Italia), Profesora de Socioloxía da Universidade de Milán